

CONVOCATORIA DO VII PREMIO LUIS PORTEIRO GAREA

De acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DECRETO 14/2014, do 30 de xaneiro, publicado no DOG do 14 febreiro de 2014), que establecen no seu artigo 3 que o galego é a lingua propia da USC e que esta potenciará e garantirá o seu uso pleno en todos os ámbitos, no marco das súas competencias, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, co fin de lembrar e homenaxear a figura de Porteiro Garea, profesor da cátedra de dereito civil e membro das Irmandades da Fala que pronunciou o día 16 de setembro de 1915 no Paraninfo da Universidade a primeira lección en galego de que se ten constancia, e mais de recoñecer publicamente o esforzo de persoas ou colectivos a prol da normalización do uso do galego na universidade, resolve convocar o **VII Premio Luis Porteiro Garea**, nos seguintes termos:

PRIMEIRA. Con este premio quérese distinguir a iniciativa, o traballo ou a traxectoria daquelas persoas, entidades ou colectivos, tanto actuais como pasadas da USC (alumnado, persoal de administración e servizos, persoal docente e investigador), que contribuíran á normalización da lingua galega na propia USC por algunha ou varias das seguintes razóns:

- O emprego habitual da lingua nas actividades cotiás da universidade, especialmente cando este uso se producira de xeito pioneiro.
- A achega, por parte da persoa ou colectivo premiado, á promoción do idioma ou á galeguización de ámbitos ou actividades da USC.
- O estudo e a difusión da lingua galega.
- Calquera outra intervención no proceso de normalización lingüística na USC que sexa valorada como significativa.

SEGUNDA. O premio ten carácter de distinción pública. Consistirá nun elemento simbólico de tipo artístico que se lle entregará á persoa, entidade ou colectivo premiado nun acto protocolario, sen que leve aparelado ben económico ningún.

TERCEIRA. As candidaturas poderán ser propostas por calquera persoa, entidade ou colectivo. Cumprirá presentalas segundo o modelo que se pode descargar na web do Servizo de Normalización Lingüística (www.usc.gal/snl) irán dirixidas ao Servizo de Normalización Lingüística, a través do rexistro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>).

Ábrese un prazo para presentar propostas que finaliza o **30 de abril de 2024**.

Tamén os membros do xurado poderán propoñer cadansúas candidaturas ata un máximo de tres.

CUARTA. O xurado estará formado polos seguintes membros:

- O reitor/a da USC, que actuará como presidente/a.
- Aquel membro do equipo de goberno da USC con competencia en cuestións de política lingüística.
- Un representante da Comisión de Normalización Lingüística do Claustro, elixido/a anualmente por esta.
- Dúas persoas que acrediten a condición de membros dunha Comisión de Normalización Lingüística de calquera das facultades ou escolas que compoñen a USC e que serán previamente propostas por estas, e que pertencerán a cadanseu campus de Santiago e Lugo. Establecerase unha rotación anual que permita en anos sucesivos a representación da totalidade das áreas de coñecemento.
- O/a director/a do SNL da USC, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa constitución no taboleiro electrónico e na páxina web da USC.

O xurado rexerese polas disposicións xerais de dereito administrativo aplicables aos órganos colexiados.

QUINTA. O xurado seleccionará os/as premiados entre as candidaturas propostas e outorgará o premio segundo o establecido nesta convocatoria. De non se alcanzar acordo mediante consenso procederase a unha votación en que será necesaria a maioría simple.

As deliberacións serán secretas. Redactarase a acta correspondente aos acordos e deixarase constancia de se o premio foi acadado por unanimidade ou por maioría.

A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer publicamente.

SEXTA. Os premios entregaranse nun acto público de máximo nivel que se desenvolverá na USC arredor do mes de setembro de 2024, coincidindo co aniversario da lección do profesor Porteiro Garea.

A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela e Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo antedito ata que non se dite a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/02/2024 15:05:26.

CSV: 2E35-E13C-4236-B2D8